

Actualizado o: 08/05/2024

Este documento actualizarase a medida que vaian chegando máis consultas.

1. É obrigatorio que a subcontratación se faga cunha empresa galega?.

Non, para a subcontratación non existe esta restrición.

2. O cadro de resumo económico e intensidade da axuda do Anexo II teñen que cubrila todos os socios?.

Si, cada un dos socios debe cubrir todos os campos da solicitude e dos anexos para logo facer o envío ao líder.

3. É obrigatorio presentar o acordo do consorcio coa solicitude?.

Si, e debe conter o contido mínimo que figura na convocatoria.

4. As actividades de formación son subvencionables nesta convocatoria.

Non, tal y como consta no artigo 10.3 da convocatoria.

5. Que se entende por salarios fixados nun contrato de traballo, nun acordo laboral ou na lei?.

Enténdese que só serán subvencionables os salarios que se poidan verificar nalgún deses documentos. No suposto de que o salario estea fixado nun contrato de traballo ou nun acordo laboral, deberá estar firmado por ambas partes (empresa e traballador) con anterioridade á data de inicio do proxecto.

6. Existe algún límite de extensión para as memorias técnicas do DNSH?.

Non, a convocatoria non establece ningunha limitación.

7. Que entidades están obrigadas a cumprir a Lei de Morosidade 3/2004, de 29 de decembro para ser beneficiarias destas axudas?.

As entidades con ánimo de lucro que se atopen incluídas no ámbito da Lei 3/2004, para as subvencións superiores a 30.000 euros.

Os requisitos de cumprimento da Lei de Morosidade só aplican a entidades con ánimo de lucro, polo que os organismos de investigación non están afectados por esta normativa.

8. Pódese subcontratar a un autónomo?.

Si, pódese subcontratar con persoal autónomo xa que a subcontratación só está limitada nos supostos previstos expresamente no artigo 14.4 da convocatoria.

Actualizado o: 08/05/2024

9. Poden presentarse empresas do mesmo grupo empresarial?.

Si, as empresas vinculadas poden participar no consorcio pero únicamente como beneficiarias, nunca como subcontratadas tal y como establece o artigo 18 da convocatoria.

10. Que porcentaxe de financiación teñen os organismos de investigación?.

A efectos desta convocatoria, os organismos de investigación son considerados empresas, polo que a contía máxima de axuda determinarase de conformidade cos límites de intensidade previstos no artigo 7 da mesma.

11. Existe límite de extensión para a memoria técnica do proxecto?.

Non. Non existe limitación.

12. Que documentos non son emendables?.

Non se considera emendable a falta de presentación ou a presentación fora de prazo da solicitude da axuda (anexo II), a descrición do equipo investigador e o orzamento do proxecto (anexo II bis), a memoria técnica do proxecto (anexo IX) e a memoria xustificativa do cumprimento do principio DNSH (anexo X).

13. Poden, dous socios del consorcio, subcontratar actividades coa mesma empresa?.

Si, sempre que estean definidas con claridade na memoria técnica as actividades que realizará cada beneficiaria coa entidade subcontratada.

14.As Licenzas SaaS que se pagan con "cotas anuais de servizo" e supoñen un gasto importante. Considéranse subvencionables na categoría de investimento produtivo?.

As subscricións a licenzas SaaS considéranse gasto e non son elixibles como investimento produtivo. Nese sentido, cabe considerar o artigo 15 das bases reguladoras que establece que os activos inmateriais serán admisibles se cumpren, entre outras condicións, o feito de ser amortizables.

15. Segundo a definición do punto 9 do Anexo I, o investimento produtivo é "aquela adquisición de bens ou activos fixos, materiais e inmateriais, de natureza moble que será empregada como factor de capital no desenvolvemento dunha actividade produtiva, neste caso para complementar e desenvolver con enfoque de mercado o compoñente de I+D+i incluído nos proxectos (investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia de procesos, organizativa e de produto)". Incluiría esta definición a subvencionalidade da obra civil?.

Dado que nas bases se fala de activos fixos de natureza moble, non estaría incluída a obra civil.

Actualizado o: 08/05/2024

16. Tal e como está distribuído o orzamento para actuacións de I+D+i e investimento produtivo asociado a ditas actuacións ao longo das diferentes anualidades do proxecto. É preciso definir de forma explícita en que vai consistir exactamente ese investimento, ou a súa concreción poderá vir derivada da evolución e resultado das actuacións de I+D+i que se vaian levando a cabo?

A solicitude terá que achegar documentación que xustifique o dimensionamento económico do investimento e identificación dos investimentos que se levarán a cabo. Calquera modificación sobre o enfoque inicial derivado da evolución e resultado das actuacións de I+D+i poderá solicitarse de acordo co previsto no artigo 32 da convocatoria.

17. De acordo coa convocatoria, hay sectores que quedan excluídos do investimento produtivo. Esta excepción refírese ao cumprimento dos límites no orzamento ou á exclusión por completo da opción de incluír investimento produtivo?

Con carácter xeral, queda excluído o investimento produtivo correspondente a proxectos para sectores ou actividades recollidos no artigo 2.2.

18. As porcentaxes de participación mínima ou máxima ás que se fai referencia no artigo 3.1, calcularíanse sobre o orzamento total do proxecto, incluídos a I+D+i e o investimento produtivo, ou só sobre o orzamento de I+D+i, aínda que se trate dun proxecto con investimento produtivo?

Ditas porcentaxes calcularíanse sobre o custo total subvencionable do proxecto.

19. Pódese considerar equipamento produtivo aquel que permita avances como equipamento produtivo sen o cal non poderían levarse a cabo probas de concepto ao mercado?

En principio non, considérase equipamento produtivo aquel que vai ser utilizado para o proceso de produción a escala de bens e servizos. En xeral, o equipamento de probas de concepto non se considera como parte do equipamento produtivo.

20. Enténdese o investimento produtivo soamente como equipamento material?

Teñen a consideración de custos de equipamento produtivo os custos de maquinaria de proceso, ferramenta (incluídos os moldes, modelos e cuños) e outros bens de equipo e activos inmateriais relacionados co proceso produtivo e co proxecto de ampliación de capacidade ligados directamente ao proxecto.

Actualizado o: 08/05/2024

21. Os criterios de valoración estiman que para que un proxecto sexa subvencionable deberá obter un mínimo de 60 puntos e, se ademais inclúe unha fase de investimento produtivo terán prioridade sobre os demais. Cando prevalecerá ese criterio, ante a igualdade de puntuación ou sempre? Podería financiarse un proxecto de 64 puntos con investimento produtivo antes que un proxecto con 70 sen ese investimento?.

Os proxectos subvencionables serán clasificados por orde de prelación, tendo en conta que:

– En primeiro lugar, listaranse de maior a menor puntuación aqueles proxectos que inclúan unha fase de investimento produtivo. Iranse seleccionando alternativamente, pola orde de listaxe, un proxecto por cada misión, sempre que cumpran a puntuación mínima establecida no punto 2 deste artigo.

- Cando para algunha misión xa se escolleran todos os proxectos da listaxe con investimento produtivo, continuarase seleccionando os proxectos sen investimento produtivo desa misión, por orde de maior a menor puntuación.

22. No caso de que sexa necesario xustificar a realización de investimento produtivo, podería darse a circunstancia, para unha empresa do sector dos coidados que forma parte dun grupo empresarial, que se realice un investimento produtivo que vai ser ubicado nun centro que ten en réxime de alugueiro, en lugar de en propiedade. ¿Sería isto un problema a efectos de xustificación?.

Non se establecen limitacións referidas a centros de traballo en réxime de alugueiro, sempre que o investimento material cumpra a condición de formar parte dos activos da empresa beneficiaria e permanecer vinculados co proxecto para o que se concede a axuda durante polo menos tres anos.

23. Se unha gran empresa socia realiza o investimento produtivo, por exemplo dun equipo de rehabilitación que estará fisicamente ubicado nun centro que depende dunha empresa do mesmo grupo empresarial, pero con CIF diferente. Sería isto un problema a efectos de xustificación? .

Si, hai que ter en conta que non é subvencionable. Ás grandes empresas non se lles subvenciona o investimento produtivo.

24. É posible incluír a unha peme do sector conserveiro no investimento produtivo?.

O investimento produtivo da empresa do sector conserveiro non é subvencionable.

Actualizado o: 08/05/2024

25. Nunha empresa TIC os ordenadores son equivalentes ás máquinas de produción. Considéranse subvencionables?

En principio, poderían considerarse equipamento produtivo se encaixan na definición de outros bens de equipo e activos inmateriais relacionados co proceso produtivo e co proxecto de ampliación de capacidade ligados directamente ao proxecto.

26. O artigo 40.1 indica o seguinte: "... no caso de ter cumprido axeitadamente as actividades, comportamentos e compromisos previstos no proxecto correspondente a I+D+i, non se tivesen xerado os resultados agardados na medida suficiente para poder levar a cabo, se é o caso, a correspondente fase de investimento produtivo, non se considerará incumprida a totalidade do proxecto. En consecuencia, non se perderá o dereito ao cobramento relacionado coas ditas actividades, e considerarase non realizada só a fase de investimento produtivo." Se nun proxecto no que non queda excluído o investimento produtivo, esta porcentaxe pasa a ser inferior ao 30% como consecuencia de non levar a cabo ese investimento, seguiría non considerándose incumprida a totalidade do proxecto?

Non se consideraría incumprimento total se o investimento produtivo se reducise por debaixo do 30% do orzamento total do proxecto, sempre que esta diminución se debese a que, a pesar de ter cumprido axeitadamente as actividades, comportamentos e compromisos previstos no proxecto correspondente a I+D+i, non se xerasen os resultados agardados na medida suficiente para poder levar a cabo, se é o caso, a correspondente fase de investimento produtivo. Deberá terse explicado na solicitude de forma detallada e exhaustiva que resultados se quixeron conseguir, para identificar cales destes non se acadaron, xustificando suficientemente o cumprimento das actividades, comportamentos e compromisos, e motivando adecuadamente as causas da súa non consecución.

27. Se pola súa actividade, as entidades que forman parte dun consorcio puidesen ser elixibles para obter financiamento para investimento produtivo, pero o proxecto se encadra nalgún dos sectores/actividades excluídos, esa empresa tería a obriga de incluír cando menos un 30 % do orzamento como investimento ou podería levar o 100 % a I+D+i xa que o criterio a ter en conta é a actividade asociada ao proxecto e non á empresa?

O criterio a aplicar é que queda excluído o investimento produtivo nos proxectos para sectores e actividades recollidos no artigo 2.2, en cuxo caso debería ser un proxecto de I+D+i ao 100%.

Actualizado o: 08/05/2024

28. En relación con "sensores para a caracterización de augas residuais" e "unidades de tratamento modulares", habería algún problema se unha empresa adquire algún destes equipos como "investimento produtivo" e despois efectúa probas cun mesmo equipo en diferentes ubicacións, como instalacións doutras entidades do consorcio, para avaliar por exemplo, no caso de unidades de tratamento modulares, os rendementos de eliminación en función da tipoloxía de efluente a tratar? Ou deberían estar unicamente ubicados nas instalacións da empresa que efectúa o investimento?.

Non existe problema na utilización dos equipos segundo o descrito na fase de probas, pero, unha vez finalizado o proxecto, os equipamentos deberán estar localizados na planta de produción.

29. No caso de que algún dos socios do proxecto sexa unha gran empresa, o investimento produtivo, aínda que non sexa subvencionable, debe formar parte do seu orzamento? Isto é, un mínimo dun 30% do orzamento da actividade subvencionable debe tratarse de investimento produtivo?.

Para este caso remitimos á [instrución](#) publicada nas páxinas web da Axencia Galega de Innovación e IGAPE.

30. No caso dun proxecto cuxos sectores e actividades están incluídos nos criterios de elixibilidade para o investimento produtivo recollidos no artigo 2.2, pero que contribúe a unha misión que incorpora algunha referencia relacionada con actividades ou ámbitos que si están excluídas segundo dito artigo 2.2, poderían/deberían incorporar investimento produtivo?.

O caso de estudo é un proxecto cuxos sectores, con carácter xeral, están incluídos nos sectores de elixibilidade (é dicir, non participa o sector de produción agrícola primaria, dos produtos da pesca, do transporte,...), pero contribúe a unha misión que incorpora algunha referencia excluída (por exemplo, respecto á misión 1 incorpora actuacións ou resultados relacionados co sector de produción agrícola primaria).

Segundo o artigo 2.2, se o proxecto non se encadra nos sectores e actividades excluídas, debe realizarse un investimento produtivo entre un 30% e un 50%.

31. No caso do investimento produtivo realizado por unha grande empresa no marco dun proxecto, como debe recollese este nos formularios de solicitude para que se teña en conta á hora de cumprir co requisito de que se destine entre o 30% e o 50% do orzamento total do proxecto a investimento produtivo?

Aínda que non é subvencionable, o investimento produtivo ligado á parte científico-tecnolóxica dun proxecto realizado por unha gran empresa deberá recollese na Memoria técnica, dado que nos Anexos II e II-bis só se recollera o investimento produtivo das pemes. A descrición do investimento de grandes empresas na Memoria deberá ter o mesmo nivel de detalle que o previsto no formulario para o caso de

Actualizado o: 08/05/2024

investimento produtivo das pemes. Desta forma computará para cumprir co requisito de dedicación do 30%-50% do orzamento total do proxecto, se fora necesario.

32. Hai algún tipo de requisito ou recomendación en canto á distribución anual do orzamento do proxecto?

Non existe ningún requisito nin recomendación en relación á distribución orzamentaria por anualidades.